




Plan Lector do Centro

Ano académico 2009-2010



MARCO NORMATIVO

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, [DOG 136 do 13 de xullo], polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. [Anexo V. Proxecto lector do centro]



ÍNDICE

1. Introducción.
2. Contextualización. Punto de partida.
3. Obxectivos.
4. Liñas básicas de actuación.
5. A biblioteca e a súa implicación no centro.
 - 5.1. Organización e xestión.
 - 5.2. Dinamización e promoción dos recursos da Biblioteca.
 - 5.3. Formación de usuarios e educación para o acceso á información.
 - 5.4. Fomento da lectura e desenvolvemento do proxecto lector de centro.
 - 5.5. Outras actuacións.
 - 5.6. Criterios e procedementos de avaliación.
6. Dinamización da lectura.
7. As accións dos departamentos previstas de acordo co proxecto lector.
 - 7.1. Actividades propostas
 - 7.2. Avaliación da lectura. Que avaliar.
8. Temporalización.
9. Avaliación do proxecto lector.



1. Introducción

O sistema educativo presenta os mesmos fins para todo o alumnado:

- 1.1. Alcanzar para eles o máximo desenvolvemento persoal e social dentro dun contexto de inclusión, normalización e igualdade. Así se dispón na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- 1.2. Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinala para as etapas de ensino obrigatorio, os centros deberán incluír nos seus proxectos educativos de centro "proxectos lectores" que integren todas as actuacións do centro, destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.
- 1.3. currículo da Educación secundaria obligatoria (Decreto 133 /2007, do 5 de xullo) estrutúrase en materias: é nelas onde deben buscarse os referentes que permitan o desenvolvemento e adquisición das competencias nesta etapa. Así pois, en cada materia incluíranse referencias explícitas a aquelas competencias básicas ás que se orienta en maior medida o currículo. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o progresivo grao de adquisición.



2. Contextualización. Punto de partida

O centro nace en 1990 baixo a denominación de "Instituto de Ensinanza Secundaria e Profesional", cunha oferta educativa en BUP, COU, FPI de Perruquería, así como FF-I e FP-II de Administración, adoptando en anos posteriores o nome actual de "IES Johan Carballeira".

Posteriormente, e a fin de satisfacer a crecente demanda educativa e número de alumnado, sofre dúas ampliacións importantes e dotación das correspondentes infraestruturas e servizos. No curso 2007-2008 realizouse unha terceira ampliación coa construción dun novo edificio.

Actualmente o Claustro está formado por un total de 73 profesores e profesoras que imparten clase nos distintos niveis educativos do Centro, que conforman os vinte e tres (23) departamentos didácticos existentes.

O IES Johan Carballeira leva implicado na potenciación e fomento da lectura dende fai moitos anos que se levou a cabo unha remodelación e dinamización da biblioteca escolar do centro, desenvolvendo dende a mesma proxectos de animación á lectura integrados no currículo da ESO. Dende entón vimos participando en proxectos de animación e mellora da Biblioteca Escolar (<http://www.educaweb.~com>), que abranguen os seguintes aspectos:

- a) Desenvolver as competencias lingüísticas do alumnado.
- b) Favorecer a competencia lectora e literaria.
- c) Establecer as estratexias necesarias para potenciar a adquisición das competencias básicas da etapa educativa na que se atopen os alumnos e as alumnas.
- d) Adquirir as habilidades para o tratamento da información, así como o uso crítico da mesma.



3. Obxectivos

- 3.1. Desenvolver a comprensión, a expresión oral e escrita axeitada á súa idade.
- 3.2. Desenvolver estratexias para ler con fluidez e ton axeitados.
- 3.3. Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.
- 3.4. Axudar a crear lectores competentes na utilización de diversos tipos de textos.
- 3.5. Espertar interese pola lectura como medio de entretemento e como actividade de ocio.
- 3.6. Promover nos nosos lectores actitudes reflexivas e críticas ante os distintos medios de transmisión e difusión da cultura escrita.
- 3.7. Posibilitar no centro a organización de Programas de Reforzo da lectura que contribúan ao fomento do hábito lector.
- 3.8. Favorecer e potenciar a utilización da Biblioteca Escolar, para contribuír a fomentar o hábito lector.
- 3.9. Colaborar con outras bibliotecas, institucións e organizacións, para á dinamización do hábito lector.
- 3.10. Comtemplar, de xeito preferente, actividades relacionadas coa Biblioteca Escolar en proxectos do Centro.
- 3.11. Espertar o interese da comunidade educativa pola lectura e a utilización dos seus fondos.
- 3.12. Colaborar coas familias, municipios, medios de comunicación e outras entidades e institucións.
- 3.13. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente Internet, como recurso para conseguir a competencia lectora e o fomento do hábito lector.
- 3.14. Favorecer a concienciación do profesorado sobre a importancia do seu papel como mediador na adquisición da competencia lectora e do hábito lector.
- 3.15. Impulsar o intercambio de experiencias, materiais e recursos en relación co ámbito da lectura.



4. Liñas básicas de actuación

Dedicación dun tempo específico á lectura na práctica docente de todas as áreas para que os alumnos acaden a competencia lectora e o hábito lector.

Falar e escribir do que le: comunicar as impresións e facer valoracións diso.

Facer todo tipo de lecturas: obrigatorias, guiadas, suxeridas e libres.

Deseñar actividades, materiais, estratexias para o fomento da lectura.

Aportar ao alumnado diferentes xéneros discursivos, tipos de texto, materiais, soportes, documentos con diferentes niveis de dificultade, para poder elixir, tendo en conta as orientacións do profesorado.

Compartir lecturas entre os alumnos e alumnas.

Orientacións ás familias para o desenvolvemento do hábito lector no ámbito familiar.

Utilizar a Biblioteca escolar por parte de todo o alumnado para compartir lecturas, experiencias..., que axuden a adquisición do hábito lector.



5. A biblioteca e a súa implicación no Centro

5.1. Organización e xestión:

Presentamos unha organización baseada na seguinte interrelación:

- Responsable da Biblioteca
- Equipo de Biblioteca
- Equipo directivo
- Comisión pedagóxica
- Profesorado (Dptos didácticos, titores e titoras)
- Alumnado
- Familias...

Programa Meiga e Club de Lectura do centro

O Equipo da Biblioteca contará cunha hora de garda semanal na que coincidan tódolos equipos de traballo, para poder practicar un traballo colaborativo real.

Polo menos, dúas persoas deste Equipo de Biblioteca encargaranse da xestión técnica (programa Meiga); outras dúas dirixirán as seccións do noso Club de Lectura, e o resto traballará na formación de usuarios e usuarias, dinamización e mantemento da Biblioteca (fomento da lectura, elaboración de traballos...).

En canto ao horario, a biblioteca permanecerá aberta en días lectivos pola mañá de 09:00 a 14:20, e pola tarde (o centro conta con horario de nocturno) de 18:00 a 22:00 horas, agás os venres (20:00 horas).

Destacamos a participación dos alumnos e alumnas colaboradores que voluntariamente, en horario de recreo, ocuparanse de tarefas como: manter a orde na biblioteca, colaborar na catalogación de documentos, elaborar carteis divulgativos, participar na difusión de traballos relativos á dinamización da lectura...



5.2. Dinamización e promoción dos recursos da Biblioteca

Traballaremos os seguintes aspectos:

- Labor de difusión: elaboración de boletíns, publicación e exposición de traballos, novidades, outras exposicións, publicitar (prensa)... Oferta de experiencias culturais.
- Fomento da competencia lectora en todas as áreas do currículo: ler en clase materiais divulgativos e de ocio; usar un modelo de lectura máis integrador (PISA), continuar coa "hora de ler" (unha vez por semana). Crear materiais, relacionados con lecturas e autores, como: encrucillados, sopas de letras, xeroglíficos, adiviñas, etc. Materializar o proxecto en plans de lectura do centro.
- Dispoñer dos mellores recursos en todos os soportes. Ensinar a distinguir e usar os documentos dispoñibles, insistir no traballo autónomo do alumnado (aprender a aprender), favorecendo a adquisición de destrezas.
- Impulsar metodoloxías didácticas activas entre o profesorado.
- Traballar a competencia dixital: aprender a ler en internet (lectura do hipertexto, uso eficiente dos buscadores, do blog como medio de comunicación de coñecementos e de opinións a través dos comentarios aos artigos...) A biblioteca ten que estar vinculada ás novas tecnoloxías e viceversa.
- Celebracións especiais: Día do Libro, Día da Paz, Mes da Lingua (maio, Letras Galegas)...
- Impulsar a competencia informacional: procura de información, organización, reelaboración e avaliación desta; usar esa información para resolver problemas e para a aprendizaxe ao longo da vida. Realizaranse actividades guiadas vinculadas aos proxectos de investigación, creando hábitos de descubrimento no alumnado.



5.3. Formación de usuarios e educación para o acceso á información:

- Inauguración da biblioteca: mascota ("Landralectora"), lema (LerEnCarballeira"/Blog"Bibliocarballeira"), recursos, tipo de servizos que oferta, tipo de xogos sobre personaxes e co plano da Biblioteca, títulos, preguntas encadeadas,...
- Uso da CDU: fichas con datos dun libro,...
- Fondos: xogos de pistas (títulos, materiais sobre un tema, "terremoto na biblio"), exposicións temáticas e de novidades, comprensión e usos de catálogos.
- Educación documental: traballo con diferentes tipos de textos e soportes; lectura e elaboración de gráficos, organigramas, esquemas, resúmenes; selección, ordenación e representación de ideas principais; uso e diferenza dicionario/enciclopedia; interpretación de símbolos, lendas, siglas (mapas); elaborar fichas de referencia, bibliografías; hipertexto; traballo con prensa; lectura de imaxes; rexistrar datos,...

5.4. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector do centro:

Contamos cunha comisión encargada do desenvolvemento do Plan lector, dirixida por unha coordinadora que conta coa colaboración da responsable da Biblioteca escolar. Trátase de mellorar a competencia lectora que facilite a relación alumnado/vida real; establecer estratexias e técnicas para o fomento da lectura e escritura; producir materiais para usar na aula; traballar nos proxectos interdisciplinares; ofertar orientacións ás familias; utilizar distintos tipos de textos e soportes; implicar a todas as áreas e materias (moitas das liñas de actuación están recollidas nos apartados anteriores); preparar itinerarios lectores; utilizar xogos; seguir cos proxectos iniciados nestes anos: mochila viaxeira, concursos, exposicións, visita de autores, certame literario, boletíns e guías, carteis, club de lectura, "hora de ler", blog...; avaliar o proxecto,...



5.5. Outras actuacións

Apoiaremos o Programa de Éxito Escolar, traballaremos no tema da interculturalidade. Atenderemos ao alumnado con distinto tipo de discapacidades e problemas de comprensión lectora (colaboración D.de Orientación).

5.6. Criterios e procedementos de avaliación

Liñas de actuación: proposta e aprobación trimestral das actuacións; reunións do Equipo da B.E.; elaboración dunha memoria final (cumprimento dos obxectivos e actividades; recomendacións para mellorar as actividades...).

5.7. Persoa responsable/dinamizadora da biblioteca escolar

Encargarase de: dinamizar e organizar; difundir información (Claustro e Comisión Pedagóxica, alumnado, familias); preparar recursos e materiais de apoio; formación de usuarios; coordinar e distribuir tarefas; asesorar ao profesorado; propiciar iniciativas de formación para o Equipo da Biblioteca Escolar.



6. Dinamización da lectura

Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competentes á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe á súa vez a conservar e mellorar a competencia comunicativa.

Para a consecución por parte dos alumnos/as destas competencias temos que ensinar o alumno/a a entender:

“ Que a lectura serve para informarnos, aprender, disfrutar e opinar ”

Polo tanto deberemos fomentar o gusto pola lectura

Neste proceso o alumno e alumna é unha parte importante, posto que as accións do docente van dirixidas a lograr unha competencia lingüística adecuada á súa idade, pero no deseño e desenvolvemento do Plan lector deberá participar todo o profesorado das distintas áreas e departamentos. As actividades previstas integraranse nas diversas programacións didácticas e deben ser e servir para:

- Mellorar a calidade do ensino
- Ser realistas
- Ser flexibles
- Ser progresivas
- Resultar operativas
- Facilitar o traballo docente
- Responder ás necesidades da comunidade educativa



Para o deseño do Plan lector do IES Johan Carballeira partimos do seguinte:

- Análise da situación actual da lectura e da escritura no centro.
- Elaboramos unha enquisa para ver as prácticas lectoras e escritoras do alumnado.
- Tivemos en conta os recursos materiais e humanos cos que contamos: biblioteca escolar e de aula, material informático, ...
- Revisamos as metodoloxías empregadas.

Pensamos, en primeiro lugar, en como debemos axudarlles a ler e a adquirir habilidades lectoras suficientes para:

- Comprender todo tipo de textos escritos e producilos.
- Fomentar o gusto pola lectura lendo na clase, durante as horas lectivas, de forma individual e colectiva.
- Cultivar a expresión oral e escrita, (ortografía, técnicas de presentación, vocabulario) en todas as áreas para resolver dúbidas puntuais, para sentir, disfrutar e comprender o mundo que nos rodea. Polo que estas actividades deben traballarse de forma conxunta para crear lectores e lectoras e non só certa propensión lúdica pola lectura.

Pensamos tamén que o alumno e alumna deben utilizar:

- Diferentes formas de lectura: lectura silenciosa, lectura en voz alta, rápida, selectiva, lenta,...
- Utilizar diferentes tipos de textos e escritos: textos literarios, científicos, técnicos, descritivos,...
- Ler en diferentes soportes: periódicos, enciclopedias, pantalla de ordenador, diapositivas,...
- Ler por pracer, interese, necesidade...



Diferentes departamentos elaboramos propostas de traballos (partindo dun modelo) que logo realizou o alumnado de distintos niveis académicos.

Así pois, e seguindo as directrices da lexislación vixente, marcamos un tempo adicado exclusivamente ao "Acto de ler" co fin de axudar aos alumnos e alumnas a desenvolver as competencias lectoras e literarias, de maneira que poidan levar a cabo aprendizaxes de códigos visuais, sonoros, escritos. Traballar con diferentes tipos de textos (narracións, poemas, informativos, publicitarios), e integrar as TIC nas súas prácticas lectoras.

Continuaremos coa " Hora de Ler" (15 minutos semanais de lectura informal).

Seguiremos certos procedementos de traballo nos diferentes momentos do acto lector como os seguintes:

1. Previos á lectura

- Establecer predicións sobre o texto e preguntar sobre o mesmo.

2. Durante a lectura

- Actividades que favorezan o acceso á comprensión:
- Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva.
- Lectura exemplificadora do profesor/a
- Lectura compartida: aclarar dúbidas acerca do texto, resumir ideas e formular predicións sobre o que se está a ler.
- Lecturas independentes: identificar erros nun texto, completar textos con lagoas, engadir finais ou cambialos.

3. Despois da lectura

- Expresar as ideas principais.
- Facer resumos.
- Pórle título ao texto.



7. As accións dos departamentos didácticos previstas de acordo co Proxecto lector

7.1. Actividades propostas

Os departamentos seleccionarán unha serie de textos por trimestre para traballar a comprensión lectora e a expresión escrita.

Propoñemos as seguintes actividades tipo para a consecución dos obxectivos previstos no Proxecto Lector:

- Facer diferentes tipos de lectura na aula (Prelectura, lectura informativa, lectura comprensiva, lectura recreativa) e traballar a capacidade de escoita.
- Lectura analítica e crítica dos textos propios de cada materia.
- Intervencións sobre o vocabulario específico de cada materia.
- Uso de lecturas complementarias extraídas de distintas fontes como prensa, revistas, páxinas web, etc..
- Lectura e posta en común das respostas do alumnado ás cuestións propostas.
- Resumos.
- Subliñados.
- Expresar as ideas principais do texto.
- Pórllle título ao texto.
- Encontrar incoherencias nun texto.
- Gravación de lecturas en mp3 e mp4. Comparar textos (exemplo: seguir unha mesma nova en diferentes xornais).
- Lectura dramatizada de textos teatrais.
- Construír novos textos partindo do lido.
- Elaborar fichas de lectura.



7.2. Avaliación da lectura. Que avaliar.

- Le de maneira adecuada e empregando distintos tipos de lectura en voz alta e en silencio.
- Le en voz alta con dición, entonación e ritmo correctos.
- Emprega a velocidade lectora adecuada á súa idade.
- É capaz de comprender, resumir e debater sobre os textos.
- Relaciona o lido cos seus coñecementos e experiencias.
- Sabe extraer información concreta e expresala con palabras diferentes ao texto lido.
- Identifica a idea principal e as secundarias.
- É quen de construír textos escritos seguindo o modelo lido e comentado na aula.

8. Temporalización

Os momentos habituais de lectura poderán ser:

- Na propia aula, cos profesores e profesoras (cada Departamento preparará os seus respectivos itinerarios lectores e traballará habitualmente a comprensión lectora).
- Ademais, quince minutos antes do recreo ou quince minutos despois deste destinarase semanalmente á "HORA DE LER". Esta actividade levarase a cabo na aula ou taller habitual co profesor ou profesora de área correspondente, aplicando o horario aprobado na CCP.

O importante é que ese momento de lectura sexa de lecer e que os alumnos e alumnas elixan o texto que lles guste máis.

- Na Biblioteca, contando cos horarios e dispoñibilidade do profesorado encargados da mesma.



9. Avaliación do Proxecto lector

Farase un seguimento do Plan Lector que se vai a levar a cabo no Centro tendo en conta os seguintes criterios:

- Lograr a competencia lectora dos alumnos e alumnas: aprendizaxe de códigos, traballo con distintos tipos de textos, integración das TIC na práctica lectora.
- Lograr a capacitación literaria: ler literatura para realizar diferentes tarefas, por pracer de lela, para acadar obxectivos curriculares.
- Secuenciación na complexidade dos textos lidos.
- Lecturas feitas como fonte de pracer.
- Lecturas encamiñadas á búsqueda de informacións.
- Lecturas como medio de aprendizaxe.
- Lecturas que serven para adquisición de cultura.



Os procedementos de avaliación que utilizaremos serán empregados en termos cualitativos e apropiados aos aspectos a avaliar, e poderán ser do seguinte tipo:

- Que fan uso da sala, número de préstamos realizados. Elaboración de Memorias finais de cada Departamento nas que se recollerán as actividades realizadas durante o curso, materiais didácticos elaborados, participación na Biblioteca.
- Uso activo dos fondos da Biblioteca: lectores e lectoras.
- Utilización de enquisas dirixidas ao profesorado para analizar aspectos relativos á mellora do alumnado respecto á súa competencia lectora.
- Aplicación de cuestionarios elaborados para o alumnado.
- Buscar os verbos que aparecen na lectura.
- Construír frases con palabras seleccionadas do texto.
- Explicar o que significan esas palabras.
- Escribir sinónimos, antónimos, derivadas de palabras dadas.
- Poñer os verbos do texto en presente, pasado, futuro.
- Engadir a cada parágrafo dun texto notas marxinais.
- Elaborar textos novos partindo dun dado.
- Elaborar mapas conceptuais.

Cada departamento elaborará un itinerario lector de acordo coas materias impartidas (proposta de títulos de carácter informativo e literario).

Os departamentos poderán utilizar os recursos ofertados pola biblioteca escolar: realización de traballos, participación en actividades, colaboración na elaboración de unidades didácticas interdisciplinares..., contando en todo momento co apoio do equipo da biblioteca.

Así mesmo, o Centro ten prevista a continuidade da " Hora de Ler" (15 minutos semanais de lectura informal).

Bueu, set-2009

